

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**20652** *Real decreto 1851/2009, do 4 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 161 bis da Lei xeral da seguranza social en canto á anticipación da xubilación dos traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 45 por cento.*

No segundo parágrafo do número 1 do artigo 161 bis do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, incorporado pola Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de seguranza social, establécese que a idade mínima de xubilación de 65 anos poderá ser reducida no caso de persoas con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 45 por cento, sempre que se trate de discapacidades regulamentariamente determinadas nas cales concorran evidencias que determinan de forma xeneralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida desas persoas.

A redución da idade de xubilación ten o seu fundamento non só no maior esforzo e na penosidade que o desenvolvemento dunha actividade profesional comporta para un traballador con discapacidade, o que posibilitou que conforme o Real decreto 1539/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen coeficientes redutores da idade de xubilación a favor dos traballadores que acreditan un grao importante de minusvalidez, xa estean establecidos coeficientes redutores da idade de xubilación para os traballadores que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, senón, ademais, na exigencia de que nas persoas con discapacidade con respecto ás que se estableza a anticipación da idade de xubilación concorran evidencias de redución da súa esperanza de vida. Iso fai que neste suposto se considerase máis adecuado o establecemento dunha idade fixa de acceso á xubilación anticipada en lugar da fixación de coeficientes redutores da idade de xubilación.

Aínda que o artigo 161 bis.1 do texto refundido da Lei xeral da seguranza social está incluído no título II deste texto legal e, por tanto, é aplicable ao réxime xeral, porén, a redución da idade de xubilación que se regula por medio deste real decreto esténdese a todos os réximes que integran o sistema da seguranza social, en aplicación do establecido na disposición adicional oitava do indicado texto refundido.

Na elaboración deste real decreto consultouse o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade e o Consello Nacional da Discapacidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste real decreto aplicarase aos traballadores por conta allea e por conta propia incluídos en calquera dos réximes que integran o sistema da seguranza social, que acrediten que ao longo da súa vida laboral traballaron un tempo efectivo equivalente, polo menos, ao período mínimo de cotización que se exige para poder acceder á pensión de xubilación, afectados por algunha das discapacidades enumeradas no artigo seguinte e que acreditasen durante todo ese tempo un grao de discapacidade igual ou superior ao 45 por cento.

Artigo 2. *Discapacidades que poden dar lugar á redución da idade de xubilación.*

Para os efectos da aplicación do establecido no número 1 do artigo 161 bis do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, as discapacidades en que concorren evidencias que determinan de forma xeneralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida e que poderán dar lugar á anticipación da idade de xubilación regulada neste real decreto son as seguintes:

- a) Discapacidade intelectual (antes atraso mental).
- b) Parálise cerebral.
- c) Anomalías xenéticas:
  - 1.º Síndrome de Down.
  - 2.º Síndrome de Prader Willi.
  - 3.º Síndrome X fráxil.
  - 4.º Osteoxénese imperfecta.
  - 5.º Acondroplasia.
  - 6.º Fibrose quística.
  - 7.º Enfermidade de Wilson.
- d) Trastornos do espectro autista.
- e) Anomalías conxénitas secundarias pola talidomida.
- f) Síndrome pospolio.
- g) Dano cerebral (adquirido):
  - 1.º Traumatismo craneoencefálico.
  - 2.º Secuelas de tumores do SNC, infeccións ou intoxicacións.
- h) Enfermidade mental:
  - 1.º Esquizofrenia.
  - 2.º Trastorno bipolar.
- i) Enfermidade neurolóxica:
  - 1.º Esclerose lateral amiotrófica.
  - 2.º Esclerose múltiple.
  - 3.º Leucodistrofias.
  - 4.º Síndrome de Tourette.
  - 5.º Lesión medular traumática.

Artigo 3. *Idade mínima de xubilación.*

A idade mínima de xubilación das persoas afectadas, nun grao igual ou superior ao 45 por cento, por unha discapacidade das enumeradas no artigo 2 será, excepcionalmente, a de cincuenta e oito anos.

Artigo 4. *Cómputo do tempo traballado.*

Para o cómputo do tempo efectivo traballado, para os efectos da aplicación do previsto neste real decreto, descontaranse todas as ausencias ao traballo, excepto as seguintes:

- a) As que teñan por motivo a baixa médica por enfermidade común ou profesional, ou accidente, sexa ou non de traballo.
- b) As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.
- c) As ausencias do traballo con dereito a retribución.

Artigo 5. *Acreditación da discapacidade.*

A existencia das discapacidades a que se refire o artigo 2, así como o grao correspondente, acreditarase mediante certificación do Instituto de Maiores e Servizos Sociais ou do órgano correspondente da respectiva comunidade autónoma que recibise a transferencia das funcións e servizos daquel.

Artigo 6. *Situación de alta ou asimilada.*

Será requisito indispensable para acceder á xubilación anticipada regulada neste real decreto a condición de estar dado de alta ou en situación asimilada á de alta na data do feito causante.

Artigo 7. *Cálculo da pensión de xubilación.*

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación do traballador, de acordo co establecido no artigo 3, computarase como cotizado para o exclusivo efecto de determinar a porcentaxe aplicable á correspondente base reguladora para calcular o importe da pensión de xubilación.

Disposición adicional primeira. *Dereito de opción.*

Os traballadores que reúnan as condicións exixidas para se acoller ao establecido neste real decreto e no Real decreto 1539/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen coeficientes redutores da idade de xubilación a favor dos traballadores que acreditan un grao importante de minusvalidez, poderán optar pola aplicación do que lles resulte máis favorable.

Disposición adicional segunda. *Avaliación e seguimento.*

O Instituto Nacional da Seguranza Social e o Instituto Social da Mariña realizarán especificamente, no ámbito das súas respectivas competencias, o seguimento e a avaliación do número de solicitudes de xubilación anticipada presentadas ao abeiro deste real decreto durante os seis meses seguintes á súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da seguranza social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habíltese o ministro de Traballo e Inmigración para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES